| | |
|---|---|
| **Comunidade Autónoma / Departamento / Estado** | GALICIA |
| **Municipio** | VIGO |
| **Edificio** | Igrexa de Santa María de Castrelos |
| **Dirección** | Rúa dos Mestres Goldar, 16. 36201 |
| | 42.210582 -8.725898 |
| **Protección** | |
| **Descricion** | Edificio de planta rectangular e unha soa nave rectangular, rematándose nunha ábsida semicircular simple. Os muros amosan un grosor considerable a causa do dobre paramento de perplaño, unha tipoloxia de lenzo que só permite a apertura de pequenos vans en forma de ventás saeteiras.<br>As cubertas resólvense cunha estrutura de madeira sobre a que repousa a tella do país, aparecendo os abovedamentos únicamente nas ábsidas. 0 aspecto exterior será, en palabras de l.L Mateo, "de gran compacticidade e austendade, a penas lachadas polas pequenas saeteiras abertas nos lenzos de muro, e as representacións escultóricas desenvolvidas nos canzorros dos aleiros, nos arcos das ventás e nas portadas de acceso". 0 principal repertorio iconográfico (imaxes sacras, repertorio ornamental xeométrico, vexetal...) aparecerá na portada principal, condensando mensaxes litúrxicas que guien a moral do pobo do momento.<br>Esta igrexa está considerada como a mellor mostra da arte románica do concello de Vigo. Na súa orixe pertenceu á encomenda de Beade da Orde de San Xoán de Malta, Conserva perfectamente a sua primitiva fábrica romanica que está datada nos primeiros anos do século XIII, segundo reza unha inscrición, aparecendo a data do ano, 1216, pero sin facer referencia a súa fundación, construción ou consagración. |
| **Campás** | 2 campás. |
| **Fotos** | 3 |
| **Toques actuais de campás** | |
| **Conservación, mantemento** | |
| **Propostas** | |
| **Autors da documentación** | arteviajero.com |
| **Data** | 28-09-2025 |

## Campás actuais

| Localización | Campá | Fundidor | Ano de fundición | Diámetro (en cm) | Peso |
|---|---|---|---|---|---|
| Espadana | Menor. | RUIZ | 1865 | 55 | 96 |
| Espadana | Maior. | ANÓNIMO (GALICIA) | 1832 | 60 | 125 |

Información completa: Igrexa de Santa María de Castrelos - VIGO (GALICIA)

PDF (24-06-2026)